

19 DE MARZO

“I Xornadas do Pai Igualitario”

I CONCURSO DE DEBUXOS “PAPÁ MANS Á OBRA”.



ORGANIZA: CONCELLO DE SOUTOMAIOR

Concellería da Muller, Servizos Sociais e Sanidade do Concello de Soutomaior

INFORMACIÓN: Centro de Información á Muller. 986701227

COLABORAN:

Cooperativa de Ensino Santiago Apóstol (A Montesiña)
C.E.I.P. Padín Truiteiro (Arcade).

BASES DO I CONCURSO DE DEBUXOS “MANS A OBRA”

Este concurso enmárcase dentro das actuacións do II Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Soutomaior (2008-2011). En concreto dentro da área de intervención de Educación e Sensibilización, co obxectivo de promover a participación das familias e de outros axentes educativos na coeducación e o fomento da corresponsabilidade.



Co gallo do 19 de Marzo “Día do Pai” e dentro das I Xornadas do Pai Igualitario organizadas polo Concello de Soutomaior, o Centro de Información á Muller, dependente da Concellería de Muller, Servizos Sociais e Sanidade, convoca o I Concurso de Debuxos Papa “Mans á obra”.

O Obxectivo deste concurso é o de promover a educación en igualdade entre os rapaces e rapazas e o de fomentar a sensibilización para romper con estereotipos sexistas, potenciando a creación dunha identidade de xénero flexible e integral que nos aporte a tod@s maior liberdade e autonomía.

Por outro lado promover a participación das familias e outros axentes educativos no fomento da corresponsabilidade, así coma aumentar a implicación da poboación masculina nas actividades en prol da igualdade real de oportunidades.

Neste concurso os rapaces e rapazas plasmarán nun debuxo o día no que os pais, avós ou cuidadores habituais d@s nen@s se puxeron o delantal para facer as labores da casa, relacionado coa implicación masculina igualitaria nas tarefas domésticas, familiares e de coidado.

BASES:

1º.- A temática do concurso é a IGUALDADE NO ÁMBITO DOMÉSTICO E FAMILIAR, entendida como a participación dos pais, avós, ou outras figuras masculinas do seu entorno, nas tarefas domésticas e de coidado e en conductas de corresponsabilidade.

2º.- Poderán participar neste concurso os rapaces e rapazas de 1º e 2º de Primaria dos dous centros educativos do Concello de Soutomaior: Centro Educativo Manuel Padín Truiteiro (Arcade) e Cooperativa de Ensino Santiago Apóstol (A Montesiña). Establecerase unha única categoría para os dous cursos.

3º.- Cada alumn@ presentará un único debuxo, que deberá ser inédito. Valorarase tanto a calidade pictórica, como a orixinalidade e o contido da mensaxe igualitaria que transmita. Os debuxos serán posteriormente plasmados en delantais que serán entregados, como agasallo pola súa participación, a cada un d@s alumn@s o día da entrega de premios.

4º.- No caso de que o debuxo teña texto, éste deberá estar escrito en galego.

5º.- O tamaño dos debuxos será DINA4 (tamaño folio), o soporte preferentemente cartulina e a técnica a utilizar é libre.

6º.- Os debuxos entregaránse en sobre pechado. No interior do sobre, ademáis, introducirase un papel no que consten os seguintes datos persoais do/a autor/a:

- o Nome e apelidos.
- o Curso, aula e colexio ó que pertence.
- o Dirección .
- o Teléfono de contacto.

7º.- Os carteis entregaranse nos propios colexios para ser posteriormente remitidos ó Centro de Información á Muller do Concello de Soutomaior:

r/ Peirao, 8 (Multiusos de Arcade)
Arcade C.P. 36690 Pontevedra
Teléfono e fax. 986.70.12.27
e-mail: cim@soutomaior.es

8º.- O prazo de presentación dos debuxos remata o 11 de marzo de 2010 ás 14:00 horas.

9º.- Establécese unha única categoría que incluírá a tod@s @s alumn@s. Os premios serán os seguintes:

1º PREMIO: lote de contos, xogos e material escolar (valorados en 100 €) e un delantal serigrafiado co seu debuxo.

2º PREMIO: lote de contos, xogos e material escolar (valorados en 75 €) e un delantal serigrafiado co seu debuxo.

3º PREMIO: lote de contos, xogos e material escolar (valorados en 50 €) e un delantal serigrafiado co seu debuxo.

10º.- A data de entrega dos premios comunicarase os Centros escolares unha vez reunido o xurado .

11º.- Os debuxos expóñense no Multiusos de Arcade, quedando temporalmente a disposición do Concello de Soutomaior. Sendo devoltos posteriormente ós/as súas autoras.

12º.- O xurado que conforma o tribunal do Concurso de relatos reunirse nunha data por determinar de marzo de 2010 e será nomeado pola Concellería da Muller. A decisión do xurado será inapelable. O concurso poderá declararse deserto no seu conxunto.

13º.- A PARTICIPACIÓN NESTE CONCURSO IMPLICA ACEPTAR ÍNTEGRAMENTE ESTAS BASES.